

## RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

REF.: XERENTE-2026

O día 15 de maio de 2026 publicouse na páxina web do CESGA a Resolución do 6 de maio pola que se convoca un posto de persoal directivo-xerente da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA). Nesa mesma data, 15 de maio, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio do 6 de maio polo que se convoca un posto de persoal directivo-xerente para a súa cobertura.

O día 28 de maio de 2026 publicouse na páxina web do CESGA a Resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para emendar erros da documentación presentada.

Rematado o dito prazo para a subsanación de erros na documentación presentada, valoradas as alegacións recibidas, e en atribución das funcións conferidas polos propios estatutos da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia,

RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, conforme ao referido no artigo 5 "Admisión de aspirantes" das bases da convocatoria:

### PERSOAS ADMITIDAS:

Apelidos e nome	DNI
-----------------	-----

### PERSOAS EXCLUÍDAS:

Apelidos e nome	DNI	Causa
JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ-BARJA MARTÍNEZ	***0912**	1
MARÍA PILAR MARTÍNEZ GARCÍA	***4650**	2
PABLO NEO VÁZQUEZ	***3726**	2



LENDAS:

1. Incumpre o artigo 3.2.a) das bases: "Estar en posesión dun título universitario oficial de nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, establecido polo Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, ou equivalente, nas áreas de Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Relacións Laborais".

2. Incumpren o artigo 3.2.b) das bases: "Acreditar unha experiencia profesional mínima de oito (8) anos no sector público dos cales, polo menos cinco (5) deberán desempeñarse en postos de xestión que impliquen funcións de responsabilidade técnica, xurídica ou de xestión económica no ámbito da Administración Autonómica".

**Segundo.-** Publicar esta resolución na páxina web da Fundación CESGA, conforme o recollido no Anuncio do 6 de maio de 2026 polo que se convoca un posto de persoal directivo-xerente para a súa cobertura (DOG núm. 89, do 15 de maio).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Fundación CESGA, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Calquera consulta ou aclaración deben dirixirse a:

[emprego@cesga.es](mailto:emprego@cesga.es) ou no tlfno. 981 569810

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta da Fundación CESGA

Carmen Cotelos Queijo

